

Babel

A reforma laboral para a casa real Malos
tiempos para el Medio Natural Analizemos
Aforismos Cultura do esforzo e educación
pública Son serias as series Los durade-
ros estragos de la dominación bancaria O
crime da xitanilla A grande carreira Un
dos nosos: Domingo Mateo Dobao

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2012. Nº 6.



A reforma laboral para a casa real

A rápida secularización da sociedade e as aspiracións políticas das clases populares levaron á deslexitimación dos fundamentos sobre os que se asentaba a ditadura franquista. A represión dos opositores e a imposición das formas máis racionarias da relixión católica, van ser substituídas pola representación democrática. Mais neste intre a insatisfacción das esperanzas dunha distribución máis equitativa da riqueza conduce a que se poña en interdito a validade do sistema sobre o que se asenta a dominación de clase. E con iso a ilusión da monarquía como árbitro dos diferentes intereses que conforman o Estado.

Os recentes casos de corrupción que salpican á familia do Xefe do Estado, que os medios de comunicación foron incapaces de seguir censurando, ábrenos as portas a un cambio na Constitución que non obedeza só aos intereses da Unión Europea, enramado policial para a defensa do capitalismo. Máis cando a sacrosanta e inmutable "carta magna" fora violada para favorecer intereses dos especuladores financeiros.

O pensamento democrático desautoriza unha boa parte das premisas sobre as que se asenta o principio hereditario na cúpula do Estado. Hoxe somos maioría os que non cremos e nos rebelamos contra do dogma da orixe divina do poder. A racionalidade, o estudo e a educación, lévanos a reclamar un novo pacto de convivencia, sen privilexios de berce, e no que as ideas de igualdade e progreso social sexan os faros que iluminen o camiño.

En definitiva, se non impoñemos a saída da actual crises económica fàrbase sobre as costas do pobo: reforma laboral; porque manterase o saqueo das arcas públicas polo enramado, que en colusión, levan a cabo a oligarquía económica e os partidos políticos dinásticos; porque se desmantelarán as conquistas sociais que crearon o Estado do Benestar: pensións, sanidade e educación. Porque da noxo ver a un Parlamento aplaudindo á familia Borbón cando está sendo escrutada por corrupción. Espectáculo só comprensible dende a intuición de que os serviles deputados responderon á defensa da "omertá política" sobre a que se desenvolveu a Transición.

Por todo iso a aspiración republicana volve estar vixente no momento actual. E a tolerancia, a simplicidade, a sinceridade e a valentía para construír o novo marco político democrático fanse máis necesarias e imprescindibles.

ECOLOXÍA

Malos tiempos para el Medio Natural

Pena Survia

Nuevos tiempos llegan para la ecología en este país. Cuando ahora lo que prima en cualquier discurso de nuestra vida es: recorte por aquí, no hay dinero por allí, no se puede invertir en esto, se anula la aportación al desarrollo del tercer mundo, etc. Entramos de lleno en el mundo de la posibilidad del copago en sanidad, en justicia, en educación. El mundo del capital, aquel que manejan unos pocos, poquísimos habría que decir, que ven las enormes posibilidades de negocio que se presentan en el Estado del Bienestar están al acecho como sacar tajada de lo que queda de escaso. Nos inoculan en vena una situación de enfermedad vendiéndonos al mismo tiempo su posible curación y que solo tienen ellos: apretarse el cinturón, el nuestro, y que sigamos bajándonos los pantalones para que nos puedan seguir dando... Nos marcan el discurso y cuidadito con salirse de ahí. ¿Cómo vas a hablar de esto o de aquello habiendo

más de cinco millones de parados? Una vez que nos han instalado en el discurso del miedo y que es plenamente aceptado por la inmensa mayoría, plantear algo diferente o salirse de lo que ahora se considera políticamente correcto puede que te lleve a que te estigmaticen, a que seas un bicho raro.

En estos tiempos hablar de problemas, mal llamados menores, es ser condenado al ostracismo, a que te miren mal. Los medios de comunicación, los que quedan y que prácticamente son controlados por unos pocos, no tratan de esos temas. Ellos deciden lo que debe ser la corriente de opinión imperante. Se han convertido desde informadores de la noticia a creadores del suceso y a tratarlo según convenga, a darle la orientación que consideran adecuada, la justa. Lo contrario son cosas de estúpidas minorías, de okupas, de locos indignados... En estos nuevos avatares, la defensa del



medio ambiente pasó de ser una preferencia a ser un obstáculo para el desarrollo, para la creación de puestos de trabajo. Tendencia que forma ahora parte del discurso oficial. La ecología es en estos momentos: "una inmensa tontería que defienden unos pocos iluminados".

Por eso los poderes que se han instalado en nuestros gobiernos nos cuelan de rondón leyes que hacen unos años serían impensables y cuestionadas por amplias capas de la ciudadanía: Modificación de Ley de Minería, Ley de Caza, Ley de Renovables, Ley del Suelo, Ley de Costas... Todas manifiestan un ataque frontal a la Naturaleza, que es vista como la máquina expendedora de dinero rápido, sin preocupación de lo que pueda venir después.

Así nos damos de lleno con nuestra amada Xunta de Galicia, organismo en el que están unos señores que prometen que van a resolver nuestros problemas, que van a administrar una "finquita" de nombre Galicia. Gobernada hoy en día por unos paisanos que no se cortan un pelo a la hora de imponer ésta o aquella ley. Sucesores de otros paisanos que tenían que administrar también, pero que fueron unos acojonados y que hicieron lo contrario que los actuales: fueron incapaces de legislar (entiéndase PSOE y BNG, o lo que es lo mismo el bipartito). Como se dice en el argot ciclista: viene el hombre del mazo y nos caen un montón de leyes y nos dan y vaya si nos dan.

En el año 2008 el Bipartito aprobaba la Ley de Minas que en esencia sirvió para legalizar las más de 300 explotaciones mineras (canteras de pizarra en su inmensa mayoría) que operaban a cielo abierto. Ahora los actuales conselleiros del PP, que antes se opusieron a aquella ley que suponía barra libre a cualquier explotación quieren ampliarla para que básicamente continúe "la barra libre". Sirve de ejemplo una cantera de pizarra que ya esté operando en zona de Red Natura pueda seguir ampliando su terreno de explotación sobre lo que ya hay. No se le da permiso nuevo, pero se agran-

da el previamente concedido. Ídem con el permiso de explotación (02-01-2012) de la empresa Cantera Peña Argel S.L. en Rubiá (Ourense), dentro del Parque Natural de la Serra da Enciña da Lastra.

Obligadas nuestras autoridades por la legislación europea, la Xunta plantea la ampliación del espacio de Rede Natura en nuestra comunidad autónoma desde el 12% actual del territorio hasta el 15%. En el resto de España ese porcentaje llega al 28%. Como contrapartida a este dispendio naturalista, la propia Xunta se saca de la manga una modificación de la ley del Suelo de 2002 (hecha por los mismos ideólogos de ahora), que se encuadra en un decreto de febrero de 2010 para deshacer toda protección sobre las costas (piscifactorías por doquier), eliminar las trabas a la construcción en espacios rurales (apurando la aprobación de planes municipales de urbanismo en ayuntamientos que permanecían en "stand-by"). Resurrección de viejos proyectos para la explotación hidroeléctrica de los ríos en Galicia: mini centrales de Coedo y Arnado (por hablar de lo próximo); dragado del cauce del Sil en San Esteban para aumentar la potencia de la central del mismo nombre, etc.

Y que hablar de renovables, que aquí en Galicia es lo mismo que decir parques eólicos. Por un lado el Gobierno Central suprime el pago de primas a las energías renovables (realmente es o era un canon que se pagaba en la factura eléctrica y que luego -famoso déficit tarifario- se cedía a empresas de estas energías mal llamada limpias). No nos confundamos, porque lo que se suprime es la cesión de estas primas a nuevos proyectos, pero no los que están en curso. Un aparte: ¿nos reducirá esto el importe de la factura eléctrica que pagamos? De momento y ciñéndonos a Valdeorras se pretende la instalación de un parque eólico en los montes próximos a Cernego, por la empresa Airosa Vento S.L. (COPASA). Hay que recordar, que en este país amén del estallido de la burbuja inmobiliaria está el estallido de la eólica: Gamesa S.A. principal empresa fabricante



de aerogeneradores en España no fabrica un molino desde 2009 (en vigor un ERE sobre el 12% de la plantilla de 4440 empleados en 2011). En esta situación se extraña a aquel conselleiro del Bipartito que en 2008 dijo aquello de que "con el plan eólico del 2008 se iban a crear más de 8.000 empleos directos. Plan que ya no está en vigor sustituido por otro adaptado a los intereses empresariales del PP, cuyos responsables siguen diciendo las mismas burradas sobre creación de empleo.

Repasando la nueva ecología que nos viene, hablamos de la nueva Ley de Caza que saca la Xunta de la chistera de las ocurrencias. De momento y como aperitivo de lo que va a ser ya legisló mediante decreto, en junio de 2011, sobre "Ordes de Vedas", que viene a ser una concesión a los TECORES (sociedades de caza, que se pueden calificar en general como asociaciones de reaccionarios armados) para poder matar todo el año. En Galicia hay actualmente 53.000 licencias de caza, y ahora como esta práctica, parece ser, que está en vías de extinción -dicen- van a permitir cazar a los menores de hasta 14 años. Eso sí velando por la protección de la infancia, siempre acompañados

de un adulto. Batidas sobre animales que sin ningún estudio científico son considerados por la Xunta de Galicia como plagas: jabalí, zorro y lobo, con lo que se convierten en candidatas a desaparecer de nuestros montes.

Mientras el monte sigue ardiendo y los montañeros, que precisamente no son muy abundantes, necesitan para realizar una caminata pedir permiso a las asociaciones de comuneros de montes, a los Tecores, a los concellos, y a la Consellería de Medio Rural. A modo de comparación: un montañero paga un seguro anual de un mínimo de 46,00 euros y un cazador de 14,00 euros.

Realmente cuando caminas por esos sitios y visto lo visto eres un delincuente que además tienes que andar con ojo para que no te den una perdigonada en cierto sitio o te metan una sanción de 3.000 € por escalar en un Parque Natural, dónde otros van a poner unas canteras sin problemas y subvencionados.

Estos montañeros son muy peligrosos y es su deseo, no pasar a ser especie cinegética.

Si, muy malos tiempos para la ecología.

Analizemos

Amancio Delgado Álvarez

Es decir, pasemos (¿o demos? por el año) las cuestiones básicas que nos afectan en la Crisis: la Guerra, el Capital, la Religión y la Monarquía.

La Guerra ha venido siendo tradicionalmente la salida natural a estas crisis impostadas por el *establishment*. Pero somos inteligentes, declaremos la "Guerra a la Guerra", una buena guerra total, sin prisioneros, a muerte, tolerancia cero. Para eso, y ya que somos inteligentes, no podemos buscar culpables a quien cortar la cabeza (cuyos familiares por otro lado se levantarían en contra), sino que debemos erradicar las causas de las guerras, es decir, la Pobreza. Se opone el Capital, en contra de su misma naturaleza, apoyado en la Religión, los dos componentes de las Monarquías todas.

La esencia del *modus operandi* del Capital es la inversión especulativa. Pues bien, especulemos invirtiendo. Invirtamos la raíz misma de todos los valores. El Dinero nace como fuente de igualdad, pero en realidad es la fuente de todas las desigualdades.

La Religión nace como fuente de conocimiento, pasando a ser en manos de la Monarquía la fuente de toda ignorancia.

La Monarquía nace como loa al Jefe, pero degenera rápidamente en tiranía del cuñado. Terminemos de una vez por todas con los cuñadísimos, invirtamos la ecuación y tenemos: el Dinero virtual (tarjetas) es, ya lo ha demostrado, la solución a todos nuestros problemas, siempre que estén suficientemente contrastados los respaldos teóricos en que se asienta; la Religión como fuente de conocimiento, no admite más método que la Educación; la República, claramente, es la alternativa que evitará que los logros de la *res pública* vuelvan a ser privatizados nunca más.

Aforismos

Xosé Luis Arias

Vendrán máis anos malos
y nos harán máis ciegos;
vendrán máis anos ciegos
y nos harán máis malos.

Vendrán máis anos tristes
y nos harán máis fríos
y nos harán máis secos
y nos harán máis torvos.

Rafael Sánchez Ferlosio

(Democracia)

Palabra que pronunciada por un grego poñía de manifesto a súa implícita contradición: *krátos* quería dicir 'poder' e tamén 'forza' e *demos* significaba pobo. Se fixo entender que o que gobernaba era o pobo; a pesares da evidencia que ao pobo sempre se lle fai forza, *krátos*, e que nunca ocorre o contrario, que sexa o *demos* o que administre o poder. A "soberanía popular" non deixa de ser unha ficción que serve para lexitimar as asembleas ou parlamentos lexislativos nos actuais Estados de partidos (Antonio G. Trevijano).

Hoxe en día, a democracia aparece tan deteriorada que se fai presente nun ritual que converte ao voto (aceptándose con normalidade a súa desigual representatividade no parlamento) na máxima expresividade dun fundamentalismo recollido de maneira confusa nunha Idea funcional que caracteriza como positivo a calquera enunciado onde aparece, sen que se aclaren os valores das variables que se están a utilizar. Así, se di que é tan democrática unha xuntanza de veciños coma unha carreira pedestre ou a declaración dos dereitos humanos.

(Votar)

Crear a ilusión de que somos persoas libres e por tanto temos a posibilidade de elixir pasou a destacarse como eixe sobre o que pivota o sistema político actual, sen dúbida un dos mellores logros do capitalismo liberal baseado na libre circulación de mercadorías.

Un truco esencial presente nas regras do xogo é identificar maioría con totalidade. Se un partido político ten maioría absoluta, iso quere dicir que ten carta branca para actuar como crea conveniente xa que conta coa lexitimidade electoral.

Os últimos comicios analizados por Vicenç Navarro: "Dónde está el tsunami" (*El Público*, 24-11-11) "... O PP acadou só o 30% do voto do censo electoral, é dicir, de todos os españois adultos que podían votar. O cal quere dicir que o 70% non lle votou. Non é certo, polo tanto, que o pobo español que inclúe, ademais dos votantes do PP, aos abstencionistas e aos votantes doutras opcións políticas, lle dera o seu apoio ao PP e as súas políticas de austeridade. A gran maioría do pobo español non votou ao PP, nin apoia as súas políticas. ... "O voto do PP foi do 30,27% de todas as persoas que podían votar, que foi só un 0,96% (repito, só un 0,96%) máis do que conseguiu en 2008 nas anteriores eleccións lexislativas (un 29,31%)... " Non é coherente argumentar que hai un mandato popular para realizar as políticas de austeridade do PP cando o PSOE foi expulsado do Goberno precisamente por levar a cabo tales políticas...".

O resultado do truco xa sabemos cal é, hai que cambiar para que todo siga igual. Esta alternancia no poder baseada nunha inxusta lei electoral hai tempo que ben colaborando ao descrédito mesmo do que debe ser a política: "Todos son iguais", sentenza que repiten sobre todo os votantes conservadores unicamente cando o partido que os representa dirixe o Estado.

(Traballo)

Castigo divino, (*Xénese 3*) : “*Gañarás o pan coa suor da túa fronte*” continuou no aforro emprendedor da ética calvinista: “... *A nosa conduta debe ser a de traballar moito, aforrar as nosas ganancias, e non gastalas en bens suntuarios ou en luxos, porque iso podería ser un sinal inequívoco de estar predestinados á perdición. En todo caso, os nosos aforros deben investirse en obras que sirvan para honrar e enaltecer a gloria do señor...*”.

Hai tempo que ao “señor” lle empezaron a chamar Capital e aumentou considerablemente o número de servos que lle renden veneración. O traballo pasou a ser o novo alimento dese invento social chamado proletario, relación de explotación e morte administrada polo Estado/Capital.

Non hai liberación que poda basearse no proxecto dunha futura vida mellor, o que non é posible no reino dos ceos tampouco o debe ser no da terra. O verdadeiramente revolucionario é a inversión do marxismo. Rexeitamento do traballo (*rifiuto del labore*) esa é a ensinanza de Toni Negri (*Autonomía Operaria*) desde o cárcere de Ribibbia. Non o esquezades: “*O comunismo é o non traballo*”, tese provocativa e inaceptable. Manifestación suprema de terrorismo contra calquera organización do poder.

(Inside job)

Documental sobre a crise financeira dirixido por Charles Ferguson que analiza a sistemática corrupción dos USA pola industria dos servizos financeiros e a súa repercusión no resto do mundo. Acaso os protagonistas que aparecen na película non morderon a mesma mazá que a compañeira de Adán?.

Caricaturiza a esas facianas de estreñimento que aparecen diante das cámaras de TV especulando coa austeridade para anunciar novos recortes, como se non foran voceiros desaman invisible que apaña sempre na mesma dirección.

(Rajoy)

Permítaseme esta frivolidade que ben podería representar a calquera outro membro da clase política. Político mediocre que sobreviviu grazas á sombra alongada do “hombrecillo insufrible” ata acadar a presidencia do goberno. Sabe facer as cousas como “deus manda” que para iso é deus. A súa maior virtude é a sinceridade: “... *La marea no va a llegar a las Rias Bajas*” (...) “*salen unos pequeños hilos que se han solidificado con aspecto de plastilina...*”. “*El PP, quiero dejarlo muy claro para que nadie se llame a engaño, se va a oponer a cualquier subida de impuestos*”(…) “*eso va contra la inversión y el consumo (...) y es tremendamente injusto e insolidario con la clase media trabajadora*”.

(Malak)

Anxo da tradición do islam, discípulo de Yibrail (Gabriel), ser creado de luz e mensaxeiro divino con fío directo co apóstolo Santiago, reencarnado en presidente de comunidade autónoma para salvara de todo o mal causado polo bipartito.



Unha vez desaparecido Lucifer do campo de batalla, os datos do gabinete económico de CC. OO. son demoledores. A partires do 2009 pasou a ser a autonomía que máis emprego destrúe, a caída e o dobre que a estatal, 56.000 postos de traballo. O número de traballadores autónomos descendeu en 3.143 (o 1,4% respecto á cifra existente a finais

8 / babel

de 2010, superior á media nacional que é do 1%). Aumentou a débeda de 3.922 millóns ao final do mandato de Touriño a 6.923 en xullo de 2011. (datos do mes de xaneiro deste ano, hoxe supoñemos que serán peores).

Representa todas as promesas que xamais se cumprirán: A “galleguidade” das caixas, un proxecto económico solvente, a defensa da lingua, etc. Parafraseando a Ortega “*el é el e as súas incompetencias*”. Este pioneiro da austeridade se atreve a dicir que Galicia resiste a crise e que é un exemplo a seguir (A Coruña e Pontevedra son as provincias onde máis medrou o desemprego de toda España).

Non se responsabiliza de nada, a medida que se lle esgota a luz se vai facendo cada vez máis invisible, como aos heroes gregos lle resulta difícil aceptar os dolorosos límites do ineludible. O mellor é optar por desaparecer, practicar a arte da fuga. Aprendiz de Houdini.

(Socialdemocracia)

Modelo político en fase de hibernación. Non se trata dunha cuestión semántica, os obxectivos seguen sendo os mesmos: reducir desigualdades e buscar na acción colectiva o ben común. George Lakoff en “*Non penses nun elefante*” apunta ao centro da diana; a clave non está en enfrontar á xente a análise racional dos feitos seguindo as directrices da Ilustración: “*A verdade nos fará*

libres”. Continuamente comprobamos como unha parte importante do censo electoral actúa en contra dos seus propios intereses <*disonancia cognitiva*>. Teñen como referencia un determinado patrón de identidade que engloba uns valores morais moi concretos. A batalla progresista debería centrarse na elaboración dun novo marco social no que se postulen con firmeza os seus propios valores no espazo público. O debate principal non está na economía.

(Terceira República)

Todas as asociacións republicanas coinciden en nomear republicano do ano ao señor Urdangarín, chibo expiatorio que pronto aprendeu o real oficio.

Entre un monarca colocado por desexo dun ditador e unha oligarquía de partidos políticos cada vez mais lonxe dos cidadáns, percíbese un xesto de rabia e indignación civil que ben podería recoller o impulso da primeira pintura política moderna, “*A liberdade guiando ao pobo*” de Eugène Delacroix. Ou te unes ou te aniquilan.

Da declaración de Principios e de Valores do “Movemento de Cidadáns cara a República Constitucional” (MCRC) destaco o seguinte: VI. *Porque a decencia constitúe o decoro da civilización, a sociedade civil debe civilizar aos Partidos e Sindicatos, sacándoos do Estado.*



Cultura do esforzo e educación pública

Francisco J. Cobo Rodríguez

En medio desta crise económico-social, pero xa desde antes, un dos asuntos que máis preocupa é o do deficiente estado do ensino en toda España. Preocupa porque un dos dous piares básicos que conforman o chamado Estado de Benestar, xunto coa seguridade social, é o ensino universal. Non vou falar aquí dos problemas que existen para sostelos e as solucións que se propoñen para logralo, porque para iso xa hai expertos que veñen falando sobre o asunto. O certo é que ambas cousas están ameazadas so capa de que o principal é apañarse e logo filosofar, como xa advertían os clásicos (*primum vivere deinde philosophari*). Os "recortes" esgrimidos tentaban ao parecer ir primeiro sobre os soldos do persoal público que traballa neses servicios, pero como se ten visto van inmediatamente sobre servicios de índole diversa, que son suprimidos á brava, coa desculpa de que é necesario aforrar, como sabe ben a poboación do Valdeorras e das comarcas próximas.



Estes "recortes" atentan directamente á calidade do benestar da poboación, aínda que tarde en verse. Un aumento do número de alumnos por

aula repercutirá nos resultados académicos á baixa nas escalas de ensino obrigatorio e post-obrigatorio (bacharelato, formación profesional); a supresión de servicios auxiliares (bibliotecas, excursións, persoal de apoio, etc.) tamén terá efectos negativos. Do mesmo xeito que os "recortes" nos servicios da sanidade pública, xunto con outras medidas complementarias de aforro, acabarán por afectar á saúde dos cidadáns e ao seu nivel de vida.

Polo de agora España ocupa dos primeiros lugares do mundo nos índices de cobertura da ensinanza obligatoria. Mais os índices de resultados, de aproveitamento académico do alumnado, son moi inferiores: estamos en niveis medios, como mostran os índices das probas PISA. Naturalmente isto non pode ser achacado á crise, porque estes resultados son bastante anteriores ao estalido da mesma.

Os expertos moen o cerebro na busca de solucións a fin de lograr mellores postos (aínda que o que de verdade buscan é mellorar as estadísticas). O paraíso do ensino para eles é Finlandia. Pero claro, España non pode ser comparada con Finlandia, como tampouco pode compararse con Suecia, como fan noutros campos. Como ten mostrado o señor Vicens Navarro continuamente, en España os servicios de Facenda recadan moito menos, así que en consecuencia tamén investimos moito menos, non solo en ensino, senón tamén en sanidade (quizais máis en AVEs, portentosos pazos e museos, autovías baleiras e outras faramallas), e, todo hai que dicilo, os índices de corrupción pública, dos nosos gobernantes, claro!, son tamén moi superiores, de xeito que nos últimos anos tamén baixamos postos

nos índices de confianza correspondentes. De xeito que como investimos menos non podemos aspirar á case atención personalizada que teñen os alumnos finlandeses, nen a preparación tan minuciosa do profesorado que lles dá clases, etecétera.

Eu non creo, por outra parte que isto se arranxe de boas a primeiras só con maior investimento público. Cando se comparan os índices dos resultados académicos españois cos doutros países nunca se indica un aspecto crucial e ignominioso: o desemprego da mocidade española é dos máis altos de toda Europa, e os índices correspondentes, de feito, duplican o do país que nos segue. Por suposto nos países nórdicos, tan traídos e levados, non pasa isto. Para máis inri esta xuventude, cando traballa, vese obrigada a realizar labores moi diferentes daqueles para os que foi preparada. Aquí os índices de inadecuación tamén meten medo. E xa nada digamos dos salarios que perciben, aínda no caso de que os traballos sexan os adecuados á súa formación. Unha boa parte deles deben depender durante anos das súas familias.

a desmoralización xeral é a causa real do fracaso escolar

Todo este asunto complexo: desemprego - subemprego - dependencia, tan "entrimbilicado", tampouco non é dos últimos tempos. Arrástrase desde hai moitísimos anos, sen que os gobernantes españois e os expertos, satélites dos mesmos, se enteren, salvo para dicir que a baixa natalidade española nos leva ao abismo. Aínda por riba queren que teñan fillos para a patria, sen que a patria lles forneza un traballo decente. Abruma moito máis o silencio que mostran os que chamaremos axentes sociais, e, nomeadamente, partidos e sindicatos. Claro que todos eles "pasan" porque xa se comezan a herdar cargos visiblemente con gran complacencia dos medios de comunicación, tan independentes eles, de que gozamos... O que haberá agochado, invisibilizado, no que non se herdán cargos tan ostentosos como presidencias de deputacións... Véxase, p.ex., no mesmo lugar o amaño, descarado e "a tutiplén", de oposicións para caras-lavadas, case con luz e taquígrafos, defendido por un recoñecido puntal do país "porque é natural, porque tamén son máis listos", dito así por un home ao que lle cabía o Estado na cabeza, sen que se saiba que teñan intervido de *motu*

proprio xuíces e fiscais aos que obriga a lei... (elementos estes que son o terceiro poder dun Estado democrático, pero que pasan o día como avestruces, ñandús e emús: coa a cabeza metida nunha focha, salvo cando alguén lles tenta avanzar as esencias intanxibles e imperecedeiras).

Este desemprego-subemprego-dependencia son para min a chave de todo o que chamamos fracaso escolar. Que alicientes ten para a mocidade estudar? Moi escasos. Calquer(a) rapaz(a), e desde hai varias xerazóns, sabe desde noviño o que sucede: tén irmáns, primos, veciños ou simples coñecidos, que, despois de prolongada preparación, anda por aí a velas vir, como se di vulgarmente, e dá igual que sexa médico, enxeñeiro, matemático, mecánico, criminólogo ou informático... Lograrán traballar algúns días nas vendimas, de camareiras de vodas e saraos, facendo chapuzas, descargando un camión e cousas similares... E o mesmo, e se cadra con maior conciencia, tamén o saben os pais, que ademais non poden facer nada, que non sexa predicarlles e pregarlles que estudien e se preparen, que é a única maneira de labrarse un porvir, etc. Ou sexa, o mesmo que nos dicían a nós, e, dado que coñecen o que hai, posiblemente con menor convicción ou con moi pouca... Engadiremos que outra boa porción de pais non predicán estes principios, porque saben o que realmente valen, ou predicán outra cousa de palabra ou polo exemplo. Qué sae de aquí? Unha desmoralización xeral, no sentido máis amplo. É esa é a real causa, a chaga que chamamos fracaso escolar, que non se limita exclusivamente aos medianos resultados académicos comparativos... Non, está tamén os índices de abandono escolar: unha elevada cantidade de estudantes deixan os seus estudos sen lograr o título de grao obrigatorio ou de post-obrigatorio, con ratios que son tamén das máis altas en Europa.

non se pode pedir esforzos que dificilmente serán recompensados

Mais sempre hai cranios ocorrentes para tentar solucionalo... Xa hai varios anos, un dos inclitos presidentes, e outros adláteres, faláron de que hai que volver á cultura do esforzo. E agora mesmo o actual reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o señor D. Juan Casares Long, dalle pola mesma teima. Velaí que declara a *El País* (5-

II-2012, cfr.: *Galicia@elpais.es*) que tenemos que volver á cultura do esforzo, que se está perdendo, aínda que se refira á universidade. Vaites, vaites, coma se os carballos desen peras a base de esconxuros. Esforzos para qué?... No mesmo espazo explícase que a dezasete investigadores (17) non se lles renovou contrato ao fin do último ano, e este mesmo señor só llo consolidou a cinco (5) de trintadous (32), do grupo de investigadores "Parga Pondal", un programa que pretende apoiar a carreira de investigación de alto nivel. Fíxense vostedes no que dou o esforzo destes señores..., e que porvir van ter. Imaxínenos. Estaban metidos na súa carreira investigadora, durante cinco anos, e agora teñen que ir coa música a outra parte. Estes profesionais non eran simples becarios, nin moito menos. Cando se creou o "Programa Isidro Parga Pondal", pola Xunta, a intención era diminuír a escarez de persoas dedicadas a investigación en Galicia, tendo en conta que os porcentaxes españois neste campo son dos máis baixos da Unión Europea e da OCDE. Como se querían investigadores de altura os solicitantes teñen que reunir certos requisitos: ser xa doutores (o grao académico máis alto en calquera país) e con experiencia de polo menos dous (2) anos en centros de referencia, non en calquera lugar. Como eles mesmos din, a maioría dos contratados rolda os cuarenta anos, así que non son nenos recién licenciados: son señores e señoras, que ven as súas ilusións tiradas polo bordo e para o que abandonaron outro traballo seguramente (poden informarse máis en internet,

en distintas webs con só escribir programa parga pondal). Certo, que o señor Casares di que carece de diñeiro para facer fronte a ese gasto para dezasete persoas, informándonos de paso de que a universidade que dirixe debe actualmente 65 millóns de euros, e ten arredor de 3.500 persoas (no que hai de todo, non só profesores e investigadores)... Casualmente, ese mesmo día, outro xornal informaba de que se ían librar máis de 900 millóns de euros para continuar as obras do AVE. Máis dun señorito de por alí e por alá debeu respirar tranquilo..., e no mesmo xornal que un conselleir tiraba millóns de euros como se fosen pedras. Por suposto non pretendo defender aquí dezasete postos específicos, cando hai en Galicia, segundo datos oficiais de xaneiro, arredor de 271.284 desempregados e máis de 100.000 galegos non cobraron subsidio no mes de decembro pasado -- defendo todos --, só pretendo mostrar a enorme contradición de pedir esforzos que dificilmente serán recompensados. Pero vexan como aínda están pensando e dándolle voltas a se suspenden temporalmente o plus de altos cargos (que obteñen cando deixan o seu posto), segundo declarou o sr. Núñez Feijóo, para non discriminar aos que o cobren a teor da lexislación estatal (*El Correo Gallego*, 3-II-2012, páx.13).

Xa verán como o día que o emprego sexa normal neste país o fracaso e o abandono escolar desaparecen como por arte de encantamento e dan cifras similares aos dos países de parecido nivel de desenvolvemento ou as superan.



TELEVISIÓN

Son serias as series

Sobre telefilms pedagogía e propaganda

Basilio Cobo

Introdución

Primeira de nada: non son experto en temas de televisión, entre telexornais e lecer dedicolle apenas 2 horas diarias, polo que pouco sei do que se coce ou está máis no candeiro nestes momentos, só pillo unhas series sobre as que vou verquer unha serie de reflexións personais. De antemán renunció ser orixinal, ignoro a existencias doutros moitos traballos sobre o tema. Dentro da clasificación dos seriefilos estaría nos chamados guadianas, dos que utilizamos as teleseries como método persoal de relaxación, *Las 'series ZARA' y los 10 tipos de espectador según sus gustos*, *S a n t i a g o G i m e n o* <http://blogs.elpais.com/a/6a00d8341bfb1653e0154369ca9b1970cpi>

Segunda do mesmo: Supoño que parte das observacións poderán ser validadas para outras series que non enuncio, máis por descoñecemento e falta de tempo que por outra cousa: o que me fixo seguir unhas así como desbotar outras foi a falta de orixinalidade ou por presentar demasiados coincidencias ou lugares comúns predecibles.

1.- a función de creación de creencias

Nos USA existe un grande respecto polas diversas creencias, é o país donde nace a bioética clínica kantiana (Diego Gracia), baseada nos principios de autonomía, de xustiza, non malificencia e beneficencia, ante a necesidade práctica (práxica) de dar resposta a autonomía do paciente. Este respecto está reflexado na pantalla coa cuota de minorías- sempre debe haber un mínimo de afroamericanos no reparto. Na serie *Urgencias*, entre outras cousas se mostraban os dilemas e a obriga- ción por parte do persoal clínico de respectar as voluntades expresadas do paciente - código de non reanimar, consentimento informado, vontades previas - fronte o paternalismo médico aínda maiori-

tario que considera ao paciente coma un *in-firmus* sen opinión propia.

Esto mesmo trasladado ao mundo das creencias relixiosas fai imposible ver advocación dun santo, dun cristo ou mesmo dunha virxe maría - fóra do dun trasfondo antropolóxico latino- xa que supoñería unha unha falta de respecto aos creentes protestantes, xudeus, mahometanos etc. Ante esta situación de espiritualidade-relixiosidade controvertida foron abrindose paso aos vampiros - prometeicos ou malvados- e aos anxeis respectados polo Libro, e por último por un mundo do máis aló, máis espiritista e teosófico. Series como *Buffy, cazavampiros* (1997) *Médium* (2005) que a pesar dos pesares seguen a ser politicamente correctas, fronte as prácticas do vudú, candomblé, santería que son despreciadas como maxia negra, perdón, maxia afrolatina.

Venme a lembranza a película en que Drácula en Nova Iorque - paradigma do xugasangue século XIX - que non se deixa axoutar pola presenza dun crucifixo nin por unha estrela de david, que a modo de parodia expresaba o fin do etnocentrismo cristianoeuropeo nun mundo cosmopolita. *Amor al primer mordisco (Lo ve at first bit)* Stan Dragoti 1979.

Ante a complexidade de información a facilidade de translación da xente e de mercadorías no mundo posmoderno, sorprende a adopción dunha ética sinxela baseada en bós e maus, a eliminación dos posibles conflitos éticos mediante un maniqueísmo infantil en que os bós son tautolóxicamente as forzas do orde: marines, FBI etc. que se traslada ao mundo dos espíritos os mesmos avatares e problemas que no mundo real, anxeis e vampiros bós e malos, o chamado principio da filosofía perenne.

Na existencia dese mundos non pode deixarse

sen facer unha pequena mención aos extraterrestres, aínda que cumpriría dispoñer de máis espazo, só nos ateremos aos que representan o tempo actual. Durante a época da guerra fría o marciano era hostil, trasunto/metáfora da infiltración (*La invasión de los ladrones de cuerpos* *Invasion of the Body Snatchers* -Don Siegel 1956) ou invasión comunista cos maimiños tesos (*Os invasores*- *The invaders* 1967 -Larry Cohen) na nación paradigma dos valores capitalistas. Hai dous films demoletores desas teses: *Encuentros en la tercera fase* (Spielberg-1977) e *E.T.* (Spielberg- 1982), a partir de aquí foron a se desenvolver as consiguientes sequelas e prequelas na televisión na que se mix-



turan sentimentos, nas que ou non se supera o simple panfleto ou pasan a ser a ser series de culto como *Expediente X* (*X-files*, 1993); a banalización actual dos coñecementos científicos impide a realización de series cutres á antiga usanza -*V Invasión Extraterrestre* (1984-2009)- ou con marcianos verdes, despois da iconoclasta *Mars Attack!* (Tim Burton.1996)

Agora os males teñen orixe nunha corporación industrial cunha avaricia desmedida polo poder absoluto, repetindo ate a fartura, *the last but not the least*, a dualidade Ormuz vs Arhiman; Holmes vs Moriarty, Bond vs Dr No etc. ou mesmo *Fringe* (*Fringe: La Gran Conspiración y Ciencia al límite*, 2008) - a omnisciencia maléfica desenvolvida e planificada tras un meticuloso e arduo traballo é destruída axiña, unha vez descuberta, pola intelixencia dos protagonistas - algo así como o coiote e o correcañiños (*Wile E. Coyote and the Road Runner*) pero con suspense mantido durante 45-50 minutos.

2.- a función comercial e propagandista

O cine e as series de televisión son unha indus-

tria con gran importancia importancia de EE.UU. (2,5 millóns de postos de traballo, unha caixa anual de 40 billons de dólares-2009). O que non quita que renuncie a función publicitaria engadida, xa na forma de publicidade estática ou de fondo indirecta ou mediante unha publicidade máis directa... durante os anos da guerra fría desde os coches, movilario, electrodomésticos, bebidas que magnificaban a abundancia do *american way of life*:calquera cachirulo ou *gadget* utilizado por James Bond era unha parte máis do quebracabezas desmoralizador dos consumidores e dirixentes da URRS.

Tras o 11S, e mesmo antes do atentado, xorde unha guerra quente ou aberta contra o eixo do mal: é significativo que Bush Jr. utilice unha terminoloxía propia dos comics de *superman*, *spider* ou *batman*. E vólvese a empregar os mesmos obsoletos *patterns* de publicidade e propaganda da época da guerra fría e da caza de bruxas: reforzando o papel de FBI, CIA, Policía, agencias de investigación do exército, etc.

Mesmo no paquete publicitario se introduce o periplo turístico: *CSI Miami* (2002) ou santificación da luxuria e do luxo; *CSI Las Vegas* (2000) ou a bendición do xogo de casino; *CSI New York* (2004) ou grande paraíso comercial coa tentación da Gran Mazá, donde o anonimato é imposible; *Al descubierto* (*In plain sight*, 2007) nos pasea por Albuquerque; *The Closer* (2005) a diversidade da vida en Los Angeles e sigue... é unha maneira de poñer esas cidades no mapa de EEUU e poñelas en valor, máis para consumo interno que para nos supoño.

Hai un paquete de teleseries (os *CSI, Navy*) que chamo de sala de autopsia na que se mostra a crúeza da morte -que por outra parte se oculta a nación a chegada dos cadaleitos dos soldados- e a infalibilidade da policía científica que vai presentado un mostrario de sofisticados aparellos que permiten realizar con éxitos a pesquisa de probas inculpatórias, de feito moitas veces o actor fai unha paradiña de teletenda: "*non me deas as grazas a min, tes que darllas ao novo espectrómetro ultra-rápido C570 que permite procesar as raíces capilares en 360 segundos menos que C465*". Pero quizáis donde se expoña o máis último en técnica electrónica sexa a través de *House M.D.* (2004), que paradoxicamente nos seus postulados clínicos emprega como método científico o máis primitivo e costoso: o ensaio/erro. Promover a

venta de produtos máis *fashion*, que caducarán de inmediato, cuxos paradigmas na vida cotia son os teléfonos móveis e os aparellos informáticos, chamase obsolescencia programada: uns dos principais principios do consumismo posescaseza.

E na propaganda contra o eixo do mal non pode faltar a venda da necesidade de cámaras de vixianza: ubicuidade da visión como mostra da inseguridade real en que vive o país desde o atentado das dúas Torres, chegando ao caso nas últimas entregas que o Big Brother chega anticipar o delito, Orwell queda corto en 1984, refírome a *Vigilados-Person of Interest* (2010).

3.- a función pedagóxica: a indución de valores

A polémica do papel formativo, deformativo, conformativo ou desinformativo da TV está viva e sen un resolución crara. O papel do cine na conformación das masas inmigrantes a USA a principios do S. XX non se cuestiona, tal foi así que se dictaron normas de censura (Código Hays) para evitar a perversión *moral* dos espectadores, co que debemos inferir que o exposto nas pantallas ten unha importante influencia sobre todos os espectadores, aproveitable desde todos os puntos de vista: a creación dun mundo de ficción no que están presente unha serie de subprodutos que reforzan a ideoloxía da clase dominante, control do ocio e do negocio, estandarización de normas de conduta, creación de necesidades e hábitos de consumo.

A guerra de Irak que creían que iría durar unhas semanas converteuse no Vietnam do século XXI, despois de tres décadas de lavar a cara polo desastre militar no sudoeste asiático nesta guerra urbana fóronse á merda todos os principios de lei&orde americano: uso da tortura xeneralizado Abu Ghraib et Cia, os campos de concentración de Guantánamo e outros *in itinere*, as mentiras da existencia de armas atómicas ocultas, a captura e linchamento dos *wanted* con cartas de póquer, a vulnerabilidade da infantaría máis sofisticada da Historia, a externalidade de intendencia, o roubo e saqueo dos marines nas poboacións etc. non cabe dúbida que a mente do americano medio naufragou en medio de tantas contradicións, velái a

necesidade de reforzo do espírito nacional coa veneración superticiosa a bandeira das barra e estrelas que se fai omnipresente, e a necesidade - ante calquer conflito ético- de repetir até saciedade: "*Tranqui, somos os bos; non teñades medo, nosoutros representamos o ben*". Este mantra maniqueo recitado miles de veces, pretende transformar unha tozuda realidade que di o contrario. Vease *Navy. Investigación Criminal* (2003), *Numb3rs* (2005), etc.

A exaltación do que dou en chamar a immaculada perfección dos rostros e torsos ao servizo dun canon de beleza ao servizo da medicina estética, odontolóxica e toda industria da maquillaxe: as capas de maquillaxe ou escolla de actores/actrices non permite observar nin unha penca ou lunar, nin defectos nin cores nos piños, que mesmo nos mendigos das series americanas aparecen blancos como pérolas. *Bye, bye a mens sana...*viva a efebología! onde mellor se aprecian estes principios estéticos é nas dúas versión de *The Killing-Forbrydelsen* (Søren Sveistrup, 2011), a orixinal danesa a maiores do guión se representa un documental da vida cotiá danesa, na versión americana (*The Killing* -Veena Cabrerros, 2011) aparece a maiores un escaparate da brillantez do modo de vida americano co sorriso profíden.

Outra acotación importante é a neurotización do espectador e a contribución a formación dunha ansiedade xeralizada (stress) na vida cotián, a anulación do concepto de tempo biolóxico: a obtención inmediata do resultado dun cultivo bacteriano en *House M.D.* nun proceso que son necesarias 48-72 h, a desaparición inmediata da dor tras unha malleira, ou ben anulación

do tempo-espacio -non me refiro ao tempo morto da narrativa cinematográfica- para atravesar London ou New York, o poder da ubicuidade policial o sanitaria fan un flaco favor ao principio de realidade, necesario para pararse un anaco a pensar sobre o mundo que nos rodea, necesario para reflexionar sobre o noso papel na vida e necesario para poder chegar a madurez persoal.



ECONOMÍA

Los duraderos estragos de la dominación bancaria

Andreu Missé

"Mi verdadero adversario no tiene nombre, ni rostro, ni partido, ni presentará jamás su candidatura, no será elegido y, sin embargo, gobierna. Este adversario es el mundo de las finanzas. Bajo nuestros ojos, en veinte años, el mundo de las finanzas ha tomado el control de la economía, de la sociedad y de nuestras propias vidas. A partir de ahora, es posible en una fracción de segundo desplazar sumas de dinero". Esta declaración de guerra a la banca no proviene de un radical de la izquierda o de un anti sistema. Son las palabras pronunciadas por el socialista François Hollande, el pasado 22 de enero, en su discurso en el que esbozaba su programa ante las próximas elecciones a la presidencia de Francia.

Hollande es el primer político occidental que pone en el primer plano de su estrategia afrontar el poder aplastante de la banca sobre la economía, la política y la sociedad entera. La realidad es que los daños causados por la crisis financiera y económica que empezó en 2007 cuando estallaron las burbujas inmobiliaria y crediticia tras décadas de exuberancia ilimitada son aterradoros y no dejan de extenderse.

Una breve enumeración de los múltiples estragos generados por el desenfreno y irresponsabilidad de los bancos puede ayudar a comprender la gravedad de la situación creada y las serias dificultades para corregirla:

1. El abrumador coste de la crisis financiera. Según el Fondo Monetario Internacional (FMI), el apoyo total proporcionado por los Estados (los contribuyentes) a reparar el sistema financiero ha sido el 25% del Producto Interior Bruto (PIB) mundial, es decir, unos 15 billones de dólares. En la Unión Europea se han comprometido unos 4,6 billones de euros, de los que se han empleado efectivamente unos 1,6 billones de euros, la mayoría en garantías. La mayor parte de estos fondos públicos se recuperará pero durante muchos años se detrajeron de otras actividades muy necesarias, imposibles de recuperar. ¿Cómo se han generado estas cifras tan elevadas? Quizá una de las causas originarias de la crisis está en el crecimiento exagerado del tamaño del sector financiero. Según el Banco Internacional

de Pagos de Basilea, los activos financieros de los tres principales bancos representaba el 400% del PIB de Holanda; el 336% en el Reino Unido; el 334% en Suecia; el 250% en Francia y el 189% en España. En Irlanda e Islandia, los activos financieros llegaron a representar el 900% y el 1.100 % del PIB, respectivamente. Una hipertrofia de locura. Una pérdida del 10% en cualquiera de estos bancos suponía un serio quebranto para cualquier país como realmente ha ocurrido.

2. Fuerte endeudamiento de los Estados. La crisis económica derivada del desastre financiero ha provocado un elevado endeudamiento de los Estados. En realidad lo que ha ocurrido es una transferencia del gran endeudamiento del sector privado al público. El aumento de la deuda se produjo por un doble circuito. Por una parte las ayudas públicas directas a la banca, por otra la fuerte caída de los ingresos fiscales y un aumento de los gastos sociales. El resultado ha sido un aumento de la deuda de los Estados en Europa que ha pasado desde los 7,3 billones de euros en 2007 a los 9,8 billones en 2010. En Irlanda la deuda se ha triplicado en cuatro años hasta alcanzar los 150.000 millones a finales de 2010 y en España se ha casi doblado en tres ejercicios hasta situarse a los 641.000 millones. Lo lamentable es que la primera respuesta de los Gobiernos para afrontar esta sobre carga injustamente sobrevenida del gasto público ha sido un recorte generalizado de las prestaciones del Estado de bienestar en todo el mundo, especialmente en sanidad y pensiones.

En realidad lo que ha ocurrido es una transferencia del gran endeudamiento del sector privado al público.

3. 204 millones de parados en todo el mundo. La crisis elevará a 204 millones el número de parados en el mundo, según la Organización Internacional del Trabajo (OIT). Un ejército que seguirá creciendo y alcanzará los 209 millones el próximo año. Suma y sigue. En la Unión Europea la crisis ha provocado un

aumento el desempleo desde los 16,8 millones en 2008 a los 23,8 millones en 2011, de los que más de cinco están en España.

4. Endeudamiento de las familias. La crisis ha dejado a las familias con un una pesada mochila de deuda privada. En España se mantiene en el 90% del PIB, tras descender ligeramente en los últimos años porque los bancos dejaron de dar préstamos. La conjunción de deuda y paro ha resultado una mezcla explosiva y se ha traducido en más 170.000 desahucios. Sólo en el primer semestre de 2011, se ejecutaron más de 30.000, según el Consejo General del Poder judicial.

¿Cómo ocurrió todo esto y quiénes son los responsables? Desde que estalló la crisis financiera en agosto de 2007, se han escrito cientos de libros, análisis y estudios sobre sus causas. Uno de los más exhaustivos es el elaborado en Estados Unidos, y por tanto fuera de sospechas, por una comisión especial para el "presidente, el Congreso y el pueblo americano" de 634 páginas. (*The Financial Crisis Inquiry Report*). En su primera conclusión parafraseando a Shakespeare asegura que "la culpa (*Brutus*) no está en las estrellas sino en nosotros". Es decir, la culpa está en "los importantes fallos de los Gobiernos y de las empresas y en la gestión del riesgo", y en "los amplios fallos en la regulación y la supervisión".

Pero para evitar confusiones y demagogias como las de quienes exculpan a la banca y responsabilizan exclusivamente a los políticos de la gran debacle económica, el informe destaca la presión de los *lobbies* de la industria financiera para lograr una creciente desregulación desde hace 20 años. Así señala que en Estados Unidos, los *lobbies* gastaron 2.700 millones de dólares en presionar a los congresistas para hacer una legislación favorable a sus intereses y 1.000 millones en las campañas electorales.

Otra de las causas graves de la crisis financiera es la "combinación de excesivo endeudamiento, inversiones arriesgadas y falta de transparencia". Así indica que los cinco principales bancos de inversión de Estados Unidos: Bear Stearns, Goldman Sachs, Lehmann Brothers, Merrill Lynch y Morgan Stanley, estuvieron actuando con poquísimo capital con un ratio de 40 a 1, lo que significaba que por cada 40 dólares invertidos en activos sólo tenían un dólar de capital para cubrir las posibles pérdidas. Esto implicaba que una caída de menos del 3% del valor de sus activos aniquilaba completamente su capital. Además para mayor abundamiento en la irresponsabilidad una buena parte del endeudamiento de estos bancos era a través de créditos a un día. En 2007, Bear Stearns tenía, por ejemplo, un capital de 11.800 millones en capital y un pasivo de 383.600 millones de pasivo, de los que 70.000 millones eran créditos a un día. Esto es como si una pequeña empresa con un capital de 50.000 dólares tuviera un

endeudamiento de 1,6 millones y 296.750 dólares en préstamos a un día.

También se subraya como otra de las principales causas del desastre es la opacidad de la llamada banca en la sombra de los productos derivados. Un sector que sin ninguna supervisión comercializa los productos derivados en transacciones fuera de los bolsas oficiales y que crecieron hasta 673 billones de dólares, un 10% del PIB mundial. Para Krugman lo ocurrido en el *shadow banking* está en el centro del problema.

¿Podía haberse evitado este descalabro, como asegura el informe de Estados Unidos?. Hay un dato escalofriante de lo ocurrido. Lo da como si nada el ex primer ministro británico Gordon Brown en su libro "Beyond the crash". Brown escribe: "Ahora sabemos que si los banqueros británicos se hubieran pagado a sí mismos un 10% menos entre 2000 y 2007, sus bancos habrían tenido 50.000 millones de libras más de capital, para ayudarles a superar la crisis". Y añadió precisamente "la cuantía de la infra capitalización de nuestros bancos fue de 50.000 millones de libras y ésta fue exactamente la suma que tuvieron que poner los contribuyentes británicos para estabilizar nuestro sistema bancario".

La conjunción de deuda y paro ha resultado una mezcla explosiva y se ha traducido en más 170.000 desahucios.

Sony Kapoor, director ejecutivo de Re-Define, conector profundo del sistema financiero recuerda que en el momento álgido de la burbuja financiera, los ejecutivos y agentes del mercado llegaron a llevarse el 40% de los beneficios de las entidades. Los bonos pagados llegaron a los 100.000 millones anuales, (el presupuesto de la UE para 27 países). Los bancos también se habían apuntado unos beneficios increíbles de hasta el 25% del capital, cuando los de las empresas oscilaban entre el 5% y el 10%.

Lo más preocupante de este panorama es que ésta situación no va cambiar fácilmente. En Estados Unidos la ley Dood - Frank, de reforma del sistema financiero aprobada en julio de 2011, que trata de limitar la dimensión de los bancos y separar las actividades clásicas de administrar los ahorros y dar préstamos de las inversiones especulativas. Pero todo este proyecto quedará muy devaluado porque se tiene que desarrollar a través de 240 leyes, que con la nueva mayoría republicana quedará muy tocado. En Europa la reforma va mucho más lenta y tampoco hay ninguna expectativa de que se produzca algún cambio serio. Los nuevos malos tiempos no han hecho más que empezar. Si Hollande gana en Francia habría una pequeña oportunidad en Europa.

HISTORIA

O crime da xitanilla

Violencia e sociedade na Valdeorras do século XIX

Félix García Yáñez

Durante o século XIX as causas dos delitos que provocaron mortes no mundo valdeorrés foron moi variadas. Nun medio maioritariamente rural a violencia derivábase principalmente de liortas sobre dereitos de propiedade, de paso, de regas, ou de dispoñibilidade de comunais. En moitos casos produto de preitos precedentes e que enrarecían as relacións persoais ou familiares nas aldeas durante décadas. Esporadicamente tamén as romarías e feiras foron lugares de liortas inter parroquiais como produto dos excesos dos mozos que acudían en grupo e armados de paus e guilladas.

Agora ben os que máis sona colleron foron os efectuados por individuos excluídos ou marxinais do mundo labrego. Neste senso pasaron de xeración en xeración as historias e contos arredor dos feitos de sangue provocados por grupos de atracadores. O bandoleirismo rural nacera no século anterior como resposta do campesiñado pobre as conxunturas de fame. A práctica era a formación de pequenos grupos que puntualmente se reunían para delinquir lonxe das súas aldeas. Roubaban as "casas fartas" e preferentemente ao clero secular. O atraco ao párroco e aos veciños de Santa Mariña do Monte durante a misa, por cinco homes armados, en agosto de 1849, ou o asasinato do crego de Carballeda, Francisco Yáñez, en marzo de 1855, por unha gavela de 12 labregos que previamente roubaran en Riomao, e nunha casa de Viloiira, danos idea da extremada violencia con que operaban. Violencia que provocou o amplo rexeitamento do mundo rural.

Máis mal que ben o fenómeno do bandoleirismo valdeorrés sobreviviu ata a década dos oitenta na que desaparece definitivamente coa liquidación da "gavela dos fabiáns". Liderada polos irmáns Francisco e Santiago Rodríguez, foi exterminada

pola Garda Civil, en agosto de 1882, na paraxe do Castañeiro do Príncipe, a medio camiño entre a Barxa e Albar.

Nesta mesma década tamén dábase por finalizada a violencia política asociada ás partidas carlistas que operaron polos montes da bisbarra e das estremeiras, aínda que se mantiña a provocada polas disputas electorais ligadas ás prácticas caciquís do momento. No ano de 1886, no Barco, durante a noite da proclamación da candidatura ganadora do deputado do distrito déronse graves enfrontamentos entre os partidarios da casa dos Flórez cos da casa dos Quiroga. Como resultado morreu, a causa dunha coitelada, Manuel Miranda, que era apoderado de Manuel Quiroga Vázquez. A Audiencia provincial condenou ao veciño Ubaldo Blanco a pena de cadea perpetua como autor material do asasinato.

Por outra parte a violencia individual obedecía a distintas motivacións. A vinganza ante afrontas persoais foi unha delas. Así na aldea do Mazo, no marzo de 1854, ao abade de san Xulián de Portela Francisco Fernández de los Ríos, asasinárono cando viaxaba a caballo. O autor dos disparos fora o seu fregues, Xoán Xosé Rodríguez, que saíra da cadea tras recorrer unha condena de vinte anos por disparar contra o mesmo crego o ano anterior. Parecidos motivos provocaron a morte por disparos do veciño de O Barco, Casimiro Merayo, nos arredores de Millarouso, en xullo de 1895. O autor Nicanor Expósito, mozo natural de Santaia, O Bolo, foi detido ao cabo duns días pola Garda Civil.

Dábanse igualmente casos de violencia familiar: sobre todo infanticidios. Os parricidios de homes e mulleres eran escasos, aínda que a truculencia que levaban asociada, así como o shock que pro-

ducían no mundo mental das pequenas sociedades labregas, convertéronos nun dos motivos recorrentes que inspiraban os cantares e coplas dos populares cegos que recorrían as feiras e festas.

Neste mundo rural sumido na pobreza extrema eran máis correntes os delitos individuais con motivación sexual. A maioría dos casos quedaban ocultos e só transcendían os límites parroquiais cando levaban aparelhada algunha morte pola que se puña en funcionamento a maquinaria xudicial ás ordes do xuíz instructor. No marzo de 1850 apareceu o cadáver dunha moza, coas mans atadas e con signos de violación, no lugar da Ribeiriña, ao carón do Riocigüeño. Tratábase de Carlota Fernández, de 21 anos e natural de Vilanova, que traballaba de criada na casa do alcalde de O Barco, Antonio Puga Araujo. Polo feito foron detidos o seu noivo, que era pasteleiro na vila, e un amigo como cómplice. Do mesmo cariz houbo outro crime que impresionou á comarca. No ano de 1888, un veciño da Veiga degolou cunha fouce a unha cuñada á que intentara forzar.

Mais un caso que traspasou o ámbito comarcal foi o suceso que se acabou coñecendo como o "crime da xitanilla". Durante semanas a prensa galega e madrileña deron conta del. Informaron dos traballos da Garda civil para descubrir aos autores, da situación dos detidos e familiares, e do desenvolvemento do correspondente proceso. A atención só empezou a baixar cando a prensa dirixiu a súa mirada cara un homicidio madrileño. O tamén famoso "crime da rúa Fuencarral", do que destacaron as crónicas do proceso debidas a pluma de B. Pérez Galdos, que exerceu de xornalista.

OS FEITOS

No mes de marzo de 1888, na semana do domingo de Ramos, asentáronse nos arredores da vila de

O Barco unha caravana de xitanos nómades que ía camiño da feira de Cacabelos (1). Viñan a estar cerca do cárcere do partido onde se atopaba unha das mulleres da tribo que a Garda Civil detivera uns días antes en Larouco, acusada de facer pequenos furtos. Mentres trataban de axudar á engaiolada dedicábanse as súas ocupacións tradicionais: botar a boa ventura, á fabricación artesanal de cestería, e ao trato cabalar.

De entre eles destacábase unha adolescente de 14 anos, Carme Sabarre Montoya, que ía polas rúas pedindo esmolos e cantando. O día de Xoves Santo desapareceu e os homes da tribo comezaron

a busca. Despois de moito indagar chegaron a unha casa da rúa Real onde varios veciños a viran entrar. Ao preguntar por ela, a criada da casa díxolles que se atopaba "con sus señoritos, que ya la dejarían salir y con dinero". Ante a insistencia dos xitanos o mesmo día 29 de marzo a Garda Civil rexistrou a casa, que daba pola parte de atrás ao río Sil, sen atopar ningún indicio da presenza da xitanilla.

Pasados tres días no lugar do Baño, no concello da Rúa, na beira dereita do Sil, apareceu o cadáver dunha moza. Identificado como o corpo de Carme a autopsia confirmou que fora

"mancillada", antes de ser asasinada por estrangulamento.

Como consecuencia a Garda Civil detivo e acusou dos delitos a tres dos habitantes da casa da rúa Real: un home de 24 anos, solteiro e de profesión propietario; ao seu irmán de 22 anos, tamén solteiro, e escribinte do Xulgado de Instrución comarcal; amais da criada da casa, casada de 40 anos, por cómplice e encubridora dos feitos. Tras pasar polo depósito comarcal foron trasladados a Cadea da Coroa de Ourense. Os acusados, segundo a prensa, pertencían "a una familia de las más honradas y distinguidas de la población", ademais de



"carecer de antecedentes y (ser) de una probidad inmejorables".

A VISTA

O proceso dirimiuse na Audiencia do Criminal de Ourense, pasados vinte meses, durante decembro de 1889. Entre os asistentes valdeorreses á vista sobrevoaba o recordo das penas capitais executadas nas aforas do Barco durante a centuria (2). Aínda non se esqueceran as derradeiras levadas a cabo mediante garrote vil (3), motivo polo que se desprazaba ata vila un verdugo da Audiencia Territorial da Coruña. En novembro de 1853 aplicárase a pena capital a un home da Veiga do Bolo, declarado culpable de matar a súa muller co machado. Sete anos antes a executada fora a moza de 19 anos da aldea de Meixide, Marta Vázquez, que se auto declarara autora de afogar ao seu marido, Antonio Carriba. Neste caso a raíña Isabel II denegara a solicitude do indulto que o tribunal que a xulgara fixera acompañar coa sentenza.

Na década dos oitenta levaranse a cabo importantes reformas na administración da xustiza. En primeiro lugar a nova organización territorial, e no segundo pola entrada en funcionamento da lei do xurado. Reformas que completaban a transformación da xustiza de cariz señorial ou real do Antigo Réxime en un novo Dereito asentado nos principios liberais: novos códigos explícitos e xerais (reforma napoleónica); definición do carácter correctivo da pena e modulación dos castigos, de raiceiras beccarians; e a asunción do xurado.

En 1882 créanse as Audiencias do Criminal nas capitais provinciais. Tribunal con competencia para xulgar os delitos criminais que se cometían no seu territorio e que lle remitían os xulgados de primeira instancia dos partidos xudiciais. O tribunal o formaban tres maxistrados e a partires de 1888 engadíuselle un xurado de extracción popular de doce membros. A Lei do Xurado, implantado polo goberno de Máteo Sagasta, concretaba a vella aspiración arrastrada dende as Cortes de Cádiz. O xurado concedido como unha ferramenta necesaria na práctica democrática da xustiza, representaba a definitiva ruptura dos modos xudiciais estamentais. Durante os setenta anos prece-

des os intentos legislativos para implantalo foran sempre freados polas elites e castas máis reaccionarias enquistadas no aparello do Estado, que non deixaron de combatalo dende todos as fronteas. Especialmente polos membros do poder xudicial que mantiñan unha concepción patrimonial e corporativa da administración de xustiza.

A evolución política da sociedade española marcará os vaivéns do papel do xurado. Así manterase con máis ou menos competencias, con máis ou menos autonomía, durante o resto da Restauración, para acabar de suprimilo a ditadura de Primo de Rivera. A IIª República o restableceu, e o franquismo volveuno a desfacer. O actual período democrático recuperouno despois dun longo debate social e político no que reviviron os reaccionarios argumentos decimonónicos contra da súa necesidade.

A normativa de 1888 establecía que os doce xurados escolliáanse por sorteo dunha lista de veciños, elaborada polo concello ao inicio do ano



xudicial. Entre as causas que necesitaban constituír un Tribunal do Criminal con xurado popular atopábanse os delitos de asasinato, homicidio, infanticidio, e violación. Delitos para os que Código Penal, vixente dende 1870, previa a pena de morte.

O día 19 de decembro fórmase o Tribunal que xulgará o "crime da xitanilla", e ao comezo do xuízo oral escoitase as conclusións provisionais do fiscal pedindo a pena capital para os dous principais inculcados: os irmáns Casto e Xaquín Rodríguez Blanco. E pena de presidio para o matrimonio de criados formado por Santiago Núñez e Xosefa Prieto. Don Casto, delgado e con

algunhas canas, presentase vestindo chaquet e pantalón azulados e cunha aptitude simpática ante o tribunal. O seu irmán, don Xaquín, o escribano, de fisonomía agradable, viste elegante traxe a cadros de color castaño. A criada descrita como unha persoa "nada agraciada", e o seu marido como estúpido. Tamén asiste o pai da asasinada, Santiago Sabarre Escudero, que ás preguntas do fiscal presentase como natural da Puebla de Santiago, provincia de Salamanca, de 39 anos, e casado "pola igrexa" con Xesusa Montoya. O xitano causou unha forte impresión na súa declaración: "*esbelto, de ademanes resueltos, con cabelo algo largo y enmarañado, barba negra, y ojos más negros todavía, cuyas miradas dirigidas a los presuntos reos lanzaban chispas incendiarias, acusando a los cuatro reos porque "los purísimos santos del cielo se lo decían", causaba espanto y parecía un ser fantástico*". Descrición contraposta de caracteres de clase enraizados nos tradicionais prexuízos negativos de rexeitamento e nos estereotipos folcloristas creados polo romanticismo e que xustificaban a segregación xeral da etnia xitana e o acoso legal da Garda Civil.

Á vista desprázase a familia dos acusados, arroupada por oitenta persoas que viaxaron dende O Barco, e chamados pola defensa para testificar. Mais despois de escoitar a 34 veciños, a maioría testemuños circunstanciais dos feitos, a instancias dos avogados defensores: José Ramos Campos para os dous criados, e Juan Manuel Paz Nóvoa (4) para os irmáns, que amais utilizaron nas alegacións a recente morte da nai dos acusados atribuíndoa a pena causada polo proceso, o fiscal rectifica as conclusións iniciais e acaba pedindo a absolución dos catro inculpados. Como consecuencia o Tribunal sentenza a inocencia e ordena poñelos en liberdade. A familia da xitanilla, por carecer de bens, non puido recorrer o fallo ante a instancia superior, a Audiencia Territorial de Galicia.

O fallo xudicial visualiza ao servizo de quen se exercía a xustiza na España de finais do século XIX. As demandas presentadas por individuos procedentes das clases excluídas do sistema "canovista": proletarios, labregos; como as exercidas en nome das minorías marxinais tiñan todos os números para fracasar. Pois esa sociedade só consideraba auténticos cidadáns aos propietarios: agrarios, mercantís, e industriais. O sistema xudicial, composto por profesionais que non estaban

ao marxe dos prexuízos de clase, era un mecanismo máis encargado de asegurar o poder en mans destes sectores, xa que o sufraxio censatario era de tipo restritivo. Exercía o dereito de voto quen pagase unha determinada cantidade de contribución directa ou outra, algo menor, polos que eran titulados académicos. Combinación que implantou o chamado caciquismo para organizar as eleccións e a representación local entre dúas faccións-partidos: liberais e conservadores. Sistema que se artillaba mediante a corrupción xeneralizada e que xerarquicamente, dende o ministro da Gobernación e a través do Gobernador civil, descendía ata os concellos. Os eslavóns máis baixos da escala caciquil eran ocupadas polos propietarios agrarios locais, secretarios municipais e funcionarios xudiciais, que ao mesmo tempo dedicábanse a traballar as relacións de dependencia persoal ou familiar coas categorías intermedias do aparello do Estado.

(1).- Era costume en Galicia, Asturias e León permitir a presenza de xitanos nas feiras coa condición de acampar fóra da poboación. Unha vez acabada a feira eran expulsados pola Garda Civil. No concello de O Barco mantívose esta práctica ata finais do franquismo. Aos carromatos permitíasele establecerse só debaixo da ponte da estrada a Rubiá, actual rúa do Cantón, ou no Pedregal para desaloxalos por orde do alcalde Xulio Gurriarán, tras pasar a noite.

(2).- A execución da pena capital aberta á contemplación pública tiña a finalidade de intimidar á poboación ante as consecuencias dos delitos. Práctica prohibida a partires de 1901 mediante a "lei Pulido".

(3).- O rei Fernando VII en 1832 implanta o garrote como o único método de execución.

(4).- Juan Manuel Paz Nóvoa (Ourense, 1839-1895), catedrático do Instituto de Ourense. Participou no Banquete de Conxo e pertecía ao círculo intelectual rosaliano. Foi deputado por Trives na Iª República. Nese momento era o avogado penal de máis prestixio, e cos emolumentos máis elevados, de Ourense.

Fontes:

- *Prensa da época*

- *Arquivo FGY (O Barco)*

Bibliografía:

- Bourdieu, Pierre, *Poder, derecho y clases sociales*. Ed. Desclée de Brouwer. Bilbao, 2000.

- Foulcault, Michel, *Vigilar y castigar*. Editorial Siglo XXI. Madrid, 1996.

- Aranguren, José Luis, *Moral y Sociedad. Introducción a la moral social española en el siglo XIX*. Cuadernos para el Dialogo. Madrid, 1970.

- Borrow, George, *La Biblia en España*. Libro de Bolsillo. Alianza Editorial. Madrid, 1970.

- Oliver Olmo, Pedro, *La pena de muerte en España*. Ed. Síntesis. Madrid, 2008.

CONTO

A grande carreira

(relato de ficción científica)

Luis Caran Dell

As ciencias avanza que é unha barbaridade... Gracias a un novo programa informático que se está elaborando no máis fondo segredo nos arredores de Oencia, co patrocinio das mellores empresas de castañas do Bolo, do Valdeorras e do Bierzo (en conxunto unha antiga provincia, como todo o mundo sabe), pódense xa recoller emisións de acontecementos que ocorren no futuro... Por problemas técnicos, aínda non resoltos, só se rexistran voces, pero non está lonxe o día no que tamén se verán as imaxes... Isto contradí a difundida teoría maia de có mundo vai acabar neste ano. Posiblemente será este mundo actual, mais o do futuro pódese dicir que tirará para adiante...

A amizade persoal cunha das integrantes do equipo científico - que para non descubrir o que polo de agora non convén airear, diremos que usa o pseudónimo de "Rosita a Chocolateira" -, permitiu que, en exclusiva mundial, se poidese grabar unha interesante final deportiva. Aínda sabendo co público estaría interesado en asuntos máis relevantes, como p.ex. se acabará a crise ou non, a dirección científica explicou que polo de agora só están de probas, e, por riba, o que máis se captan son este tipo de eventos xunto con disputas tertulianas... En fin, salvados estes preludios informativos, pasamos a dar a gravación, nada máis e nada menos, que da gran final dos 100 m lisos dos Xogos Olímpicos de 202- ou 203- (sentimos dicir có ano xusto non se oe moi ben). Naturalmente escollemos a emisión feita para a TVGPrivada, por medio de dous locutores, por suposto de sexo diferente. Eis a cousa:

"... Xa están saíndo os participantes da final dos 100 m lisos... (aplausos de fondo)... Ve-lo aí vén, vé-lo aí vén á fronte o grandísimo anano, Zacharias Mbuti, segunda mellor marca neste ano 3 s 29 c, 3-31 nas semifinais, o gran Mbuti, cego e anano... Enorme, enorme o pigmeo Zacharias...

- E detrás, detrás, Goros, detrás a esplendente Priscilla Otey, oitenta anos, oitenta e pico, a raíña xamaicana (máis ruidos de aplausos e asobíos de fondo) da velocidade: cincoenta próteses no seu corpo, Goros, cincoenta, e segue a ser rápida..., coma un raio: clembuterol, carnitina, cocaína, cafeína, daturina, ..., de todo saíu nas análises comprobatorias das semifinais, pero aí a tes, Goros, e mira ti sempre está nas finais...; 3 s 30 c !!! nas semifinais...

- Dígoche, Vanessa, Vanesssiña, que é unha das máis serias aspirantas ao ouro... Mira, mira, agora enfocan a Rudolf Ganschen. Qué caso, miña naiña! Caeu desde o piso 123 da Gran Torre de Hamburgo, catrocentos e un días de coma profundo, cun encefalograma case plano, sen un oso que non se lle partira e aí o tes....

- Lástima que non poida falar, Goros, lástima... Pero todo se andará, si, todo se andará..., que ben sabemos que lle van pór un novo implante do que ha botar a falar cando menos se pense, cando menos se pense, dígocho eu...

(Oéense de repente estrondosos abucheos, uúus e incluso insultos, abouxando a alguén, que duran un bo tempo..., ata que se voltan escoitar os locutores).

- Aí temos xa ao palambrán ese...: o "anormal", o "musculado" Toni Mennea, o mamalón do tataraneto-sobriño de Pietro Mennea, ala! ala!, o representante dos tempos da discriminación, da diferenca...

- Como o odio, Goros, non po-des nen ma-xi-nar co-mo o o-di-o... Moita fachenda, moita, e só corre

22 / babel

en 9s 22 c, qué marca de noxo... Está aquí por consideración e conmisericación pura do Comité para Igualdade. Qué ascaroso..., só tivo papeiras de neno..., "anormal" máis cá "anormal". Que se pode esperar dun tipo que nen vai ao médico... Que noxo, que noxo!...

- A ver, Vanessa, dime?, a quen coñeces ti que non teña unha eiba?, ou sexa que sexa anormal, dime ¿a quen coñeces?, dime?...

- Eu..., eu a ninguén... Deus me libre..., Goros, por favor...

- Só é unha pregunta retórica... Como te pós...

- Ah, boeno! Xa me parecía a min... Se non hai quen non teña caído nunha desas rampas-trampas das beirarrúas, xa sabes?, ou que non se teña esnafrado contra un bolardo..., e que me dis dos pasos de calzadas sen sinais..., sobre todo cando da Enorme Crise e non se puideron pintar para ver de aforrar..., e até apagaron os semáforos para aforrar luz... Non houbo quen non fose collido por algún coche...

- E as escaleiras ben pinas para que se derreasen os vellos, que me dis?... Cantos vellos vin baixar eu aos reworquillóns por esas escaleiras..., e ata novos... E os que caeron cos ascensores averiados que vendían nos "chinos"...

- Claro acabaron cás discriminacións, todos ben baldados... Todos igual de amolados. Como debe ser! E non te lembrás da chea de enfermidades que se propagaron nos hospitais por mor dos que chamaban os recortes... Se ata se puxo doente o Presidente da Xunta..., como se chamaba?..

- Ai si, muller, aquel que xa estaba antes eibado, que non sabía porque as vacas tiñan nomes femininos..., si, muller, era un adiantado..., aquel que tiña cara de morroncho..., ou morronchos na cara?..., e máis muller postiza... Cómo se chamaba? Perfecto..., non?

- Perfecto non era, Goros, e non me metas en líos que ando mal da memoria...



- Cantos perderon a memoria, Vanessa, canta máis memoria perdida maior igualdade veu... Xa o dixo aquel premio Príncipe de Asturias: para que necesitas memoria se tes internet... E púxolle un exemplo, para que quere vostede saber quen era Aristóteles se xa está en internet...

- E quen era Aristóteles?

- Creo que era o cuñado dun presidente dos Estados Unidos... Basta de parola que xa están todos na pista... Ai tes a Ielina Kaukasova..., 2,25 m de altura, a cabeza ladeada, anda sobre resortes de 90 e de 95 cm, para unha perna máis longa cá outra... Total, total..., total... Vanessa, total...

- Total 3,15 m, Goros, ou 315 cm, di a calculadora, por un lado, e, e, e..., 3, 20 m, 320 cm polo outro lado da cabeza. Unha corredora de fondo pasada á velocidade e ao salto de altura - hoxe sacou prata en salto de altura cun récord europeo de 17,43 m, con estes mesmos resortes, pero claro na final estaba Campanilla Gutiérrez, a cubana, esnifada con 500 g de cocaína, 350 g de cristais e outras cousas que non sabemos, polo que auténticamente flotaba: 19,98 m, nova plusmarca mundial, e, como logo declarou, porque non lle dou a gana de saltar máis...

- E logo?

23 / babel

- Fixo o que lle mandou o comisario-entrenador, que lle dixo que non había que asoballar e que hai que estirar os récords nos circuítos europeos de atletismo e. para terminar, engadiu que mellorando o presente ela era a mellor... Boeno, Goros, que opinas da Kaukasova?, cres que dará a sorpresa aquí con eses resortes ortopédicos?

- Non sei, non sei..., hai aquí xente moi boa, moi boa, boí-si-ma... Non sei que dicirche..., igual dun chimpo esta Ielina se pon na meta..., a pouco que dirixa ben a cabeza seguro có logra, pero...

- Cala, cala..., tes aí a Peter Laimon, coa súa bicicleta con turbo... Peter Laimon, gañador de varios Tours con turbo e con caneros de todo tipo... Ai, ai, ai, que me emociono...

- Mira, Vanesssiña..., non o perdan señores espectadores, os irmás siameses, Kao e Ki, home e muller ou muller e home..., unidos pola cachola... Cada un correrá por unha vía, sentados en senllos foguetes, a cabeza polo medio, Kao e Ki Chung Pó..., señores... Fenómenos auténticos..., 3 s 28 e nas semifinais...

- Qué difícil esta carreira... Qué difícil... Quen gañará queridos espectadores? Que dis, compañeiro..., por quen apostas?

- Non sei que dicirte, desde logo non o Toni Mennea, ese paspán... Ese apóstoche que non gaña... Boeno, aí están xa na alínea de saída...

(Vaise facendo silencio de fondo)

- (Con voz solemne) Faise un silencio sepulcral en todo o estadio... Atentos...

(Escóitase un pistoletazo seco... Pasan apenas 2 s 25 e de silencio)

- Que cabro... cabriiita...

- A gañadora é... (voz de estupor)... é Priscilla Otey... A-so-o-o-o-o-mbroosooooo..... Sen moverse do sitio... Asoooooommmmbbrrroossssoooo...

- Imos ver a rípitizón..., con detalle..., que non se escape nada... Pois si..., é a Otey..., a gañadora é Priscilla Otey. Señores e señoras... Priscilla Otey de novo volta ser raíña da velocidade..., case cincoenta anos despois...

- Aí o ven de novo, queridos espectadores e espectadoras de todo o mundo galego, dos peitos da Otey sae unha especie de duplo resorte fogueitil a velocidade increíble..., que en 2 s 25c, pasan por liña de meta... Arrea!.. Coido que mataron a un par de despistados no fondo da pista...

- Que se apartaran..., Ganschen, anda ti!!!, queda cravado...!!! E Ielina Kaukasova aínda só estaba agachada para coller impulso...

- Todos parados, to-di-ños... A sorpresa deixounos paralisados de parálise total... Salvo ese imbécil de Toni Mennea..., estes anormais sempre ao seu..., en vez de paralisarse de emoción... coma todo o mundo...

- Si, ..., xa nos amocou a todos..., medalla de prata...

- Ben inmerecida... Cres, Goros, que anularán a carreira..?, parece que Peter Laimon está a protestar-lle aos árbitros...

- Pero, como a van anular? Todo é legal..., le-ga-li-ño... Que di o regulamento... eh?, que di?, que di ?.

- Pois non se me ocorre nada especial, agora...

(Escóitase ao fondo da emisión un ruído balbordante de aplausos e gritos de Pricilla !..., Priscilla !)

- Mira aí dá a volta ao estadio coa bandeira do seu país... A ver Vanesssa, gaña quen pase primeiro un peito, e Priscilla pasou dous..., dous peitos...

- Porén non eran peitos, propiamente falando...

- Como que non eran peitos..? Cada un pon o peito ou peitos que lle dá a gana..., a prótese que quere, para iso estamos nun país libre...

- Tes razón o caso e ter o implante ou a prótese apropiada, como a Priscilla... Claro que agora terá que pór novas próteses..., pero cada un pon todas as que lle peten ou máis. Ou non?

- As que ti digas, Goros, Go-ri-ños, Gori-liño...

(Aquí perdemos o contacto con tan interesante emisión futura. Un mundo apaixonante como puideron comprobar a pesar de ser tan só unha emisión deportiva. A próxima vez tentaremos conectar co Consello de Ministros da UE para saber como ían as cousas económicas daquela e como arranxaran o problema da crise, aínda que algunha solución se transparenta nesta emisión que gravamos)

UN DOS NOSOS

Domingo Mateo Dobao



Natural de Arnado, Vilamartín, (1896), moi novo marchou a Cuba onde tiña parentes. Na illa descubriu os círculos de formación anarquistas que o implicaron no traballo sindical entre os emigrantes galegos. Iníciase na actividade política da man do PSOE, mais cando retorna definitivamente a Valdeorras, no ano 1931, era xa militante do PCE. Establécese en Arcos, vivindo dunha modesta *abacería*, e interven activamente na loitas sociais da República. Funda e dirixe o Sindicato de Oficios Varios de Arcos (CGTU), que apenas integrado na UGT, levouno a presidir a Casa do Pobo de O Barco durante a Fronte Popular. Antes presentárase ás eleccións lexislativas de novembro de 1933, que gañou a dereita, formando parte da candidatura "Frente Único", coa que consegue 1.324 votos na provincia, e participa nas mobilizacións comarcais de solidariedade coa revolución asturiana de outubro do 34.

A raíz do golpe militar do 18 de xullo de 1936, impulsa e organiza no Barco a recollida de armas dos elementos dereitistas e participa na entrada a

Vilamartín no enfrontamento coa columna da Garda Civil e falanxistas que viñan a tomar a bisbarra. Escapa ao monte e forma parte dos primeiros grupos de fuxidos da comarca ata que no verán de 1937 decide marchar a Asturias. Partiu con 87 camaradas e tras camiñar durante 21 días lograron burlar as liñas golpistas. Sobre esta pequena odisea escribiu e publicou unha fermosa crónica o poeta Miguel Hernández.

En Asturias incorpórase ás filas do exército republicano. Participa na defensa de Bilbao e da serra do Pando e logra escapar nos derradeiros momentos antes da toma de Xixón nun barco pesqueiro e alcanzar a costa francesa. A primeiros de 1938 reintegrase á zona leal e únese á unidade "Milicias Antifascistas Galegas" que formaba parte da 11ª División Lister, desenvolvendo a labor de axudante do comisario e paisano Santiago Álvarez. Participa na batalla do Ebro e tras a desfeita de Cataluña alcanza de novo a fronteira francesa. Pasa por varios campos de refuxiados ata que marcha cara o exilio americano. A partires dos anos coarenta Chile convertírase na súa segunda patria. Morre en xaneiro de 1968 na cidade de Quilpué, nas proximidades de Valparaíso. *FG*

VIª Semana Republicana "14 de Abril" 2012

- Exposición de acuarelas de **Kukas** na *Sala Sargadelos*, do 2 ao 16 de Abril.
- Exhibición do documental "**O meu nome é Luis Ferreiro**", de Roi Cagiao e Fernando Llor, mércores día 11, ás 20.00 h, no *Teatro Lauro Olmo*.
- Presentación do ensayo "**As mulleres na guerrilla antifranquista**", pola autora Aurora Marco, xoves día 12, ás 20.00 h, no *Salón Multiusos do Concello de O Barco*.
- Monólogo de Gabriel Prada sobre texto de Lois Pereiro "**A roda da historia universal da infamia**", adaptado por Ana Cobo; e actuación do cantautor **Javier Sotuela**, venres día 13, ás 20.00 h, no *Teatro Lauro Olmo*.
- **Ofrenda froral** ante o monumento aos Represaliados do franquismo, sábado día 14, ás 13.00 h, nos *xardíns da Casa do Riocigüeño*.
- **Cea republicana**, sábado día 14, ás 22.00 h.

